



Agueiro

Orientacións básicas para as familias

Agueiro é unha plataforma dixital que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ofrecen a todos os centros para crear a súa comunidade educativa virtual.

Neste tempo de suspensión da actividade lectiva presencial vai ser unha valiosa ferramenta de comunicación entre mestres, alumnos e familias, pero non só iso, senón que tamén servirá para favorecer a aprendizaxe pois permitirá indicar tarefas, compartir recursos e actividades, e desenvolver as competencias clave de todo o alumnado.

O equipo docente do CEIP de Sestelo-Baión, nesta situación adversa, quere proporcionar a mellor atención posible a toda a comunidade, co obxectivo esencial de favorecer o benestar das nenas e dos nenos pero tamén coa idea de garantir o seu dereito á educación.

COMO ACCEDER

Agueiro é accesible en PC, tablet e móbil.

Para acceder á plataforma hai que entrar en agueiro.xunta.gal e entrar co nome de usuario e contrasinal que vos proporcionou o centro. É moi recomendable cambiar o contrasinal por outro novo. Para cambialo hai que ir á icona do perfil e facer clic en 'Axustes'.

O TABOLEIRO



Benvi@ á comunidade educativa virtual do noso centro de infantil e primaria.

[Páxina web oficial](#)



[Páxina web do Equipo de Dinamización da Lingua Galega](#)



[Páxina web da Biblioteca escolar](#)

Diego Paz Fernández 

Os meus grupos:
1.º de primaria
English

En liña
(Últimos 10 minutos)

-  Diego Paz Fernández
-  Daira Portas Pérez
-  David Paz Nóvoa
-  Felipe López

[Mostrar todos os usuarios conectados](#)

Recursos e ligazóns

- [Manual de usuario](#)
- [Guía rápida do usuario](#)

O taboleiro é a primeira páxina que aparece ao entrar en Agueiro.

No lado esquerdo temos un logo do colexio e ligazóns ás páxinas do centro.

Á dereita atoparedes o acceso ao perfil do voso fillo ou filla e o acceso aos grupos aos que pertence. Tamén son visibles os outros usuarios conectados nese mesmo momento. Hai un manual de usuario e unha guía rápida que aconsellamos ler con calma.

OS GRUPOS

O teu fillo ou filla xa está asignado aos grupos que lle corresponde, o da súa titoría e o dalgunhas especialidades como Inglés e Relixión católica, se procede.

Ao facer clic sobre a ligazón do grupo accedes á páxina de inicio de dito grupo. Aí atoparás todo o material compartido polos mestres e por outros alumnos. Ese material, fundamentalmente, pode ser:

- Textos con imaxes, vídeos e ligazóns diversas
- Imaxes que permiten facer comentarios
- Arquivos multimedia (audio e vídeo)
- Arquivos en PDF descargables

O profesorado entra a publicar contidos novos. Por iso resulta aconsellable entrar no grupo con certa frecuencia.

SERVIZO DE MENSAXERÍA

Resulta de gran utilidade o servizo de mensaxería que incorpora Agueiro. Para enviar unha mensaxe á mestra do teu fillo debes entrar no grupo e ir á parte inferior, ao bloque de membros. Fai clic sobre a mestra e nunha pestana arriba á dereita tes a opción de enviar mensaxe.



MARÍA INÉS PUGA VIQUEIRA

Enviar mensaxe

Enviar petición de amizade

 Xestor de CEIP de Sestelo-Baión

CONSELLOS

Aconsellamos supervisar en todo momento a actividade que os vosos fillos realizan na plataforma. Non hai posibilidade de comunicarse con ninguén que non pertenza á nosa comunidade educativa, pero é importante lembrarlles que non deben publicar información de carácter persoal nin compartir imaxes propias ou alleas sen o permiso dos adultos responsables. Estas aprendizaxes tamén son moi valiosas.